

GR/rs

Expediente nº 2022006715

ASUNTO: INFORME COMPLEMENTARIO. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE CAIXÓNS DE ALMACENAXE DE ESTRUTURANTE E BANCOS PARA FERRAMENTAS NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Visto o informe emitido polo Vicesecretario en data 4/03/2022 (CSV:QR5M6FF4QRS1R79B), en relación ao expediente arriba referenciado, pola presente emítase o seguinte

INFORME COMPLEMENTARIO

Primeiro. A competencia que se exerce e na que se enmarca o contido deste contrato se adapta ao establecido na Lei autonómica 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados (entre outros, artigos 3.2.f), 9, 11.2, 22, 23 e 43), ao Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (2010-2022) e a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados (artigos 12.5, 22 e 24, entre outros).

Segundo. Suprímese do listado do anexo II ao Concello de Pontevedra, incluído inicialmente simplemente a efectos informativos. Tendo en conta esa circunstancia, os caixóns de estruturante e bancos de ferramentas propostos (100) son suficientes para dar cobertura a **todos** os CCC instalados/ a instalar, xa que ademais en moitos Concellos xa existen eses subministros.

A instalación farase ao longo da execución do contrato previa petición do Concello e seguindo as instrucións técnicas do persoal do REVITALIZA.

Terceiro. En canto ao método de cálculo do valor estimado, o mesmo baséase na experiencia destes anos do programa REVITALIZA, tomando como referencia os prezos de adjudicación en varios expedientes de contratación deste tipo de subministros realizados en distintos Concellos da provincia.



Cuarto. En canto aos criterios de adxudicación, en relación aos mencionados no citado informe do Vicesecretario, propónse a seguinte redacción:

LOTE 1:

Criterio: Deseño, robustez e facilidade operativa dos caixóns de estruturante (máximo 15 puntos):

Valorarase a ergonomía da tapa, a facilidade de manexo por parte das persoas usuarias, a robustez dos caixóns, a facilidade de manobra que permita executar as operacións de enchido de colocación no interior dun saco tipo big-bag de material estruturante; tamén se valorará o aspecto estético.

A puntuación outorgarase en base ao seguinte:

-Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrentar ata o interior pola acción da súa apertura; ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias para coller o material estruturante para o seu uso durante o proceso de compostaxe (ata 6 puntos)

-Robustez dos caixóns e manobras de enchido de estruturante. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos caixóns e a facilidade de manobra para colocar os sacos big-bag de estruturante no seu interior (ata 5 puntos).

-O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC (ata 4 puntos).

LOTE 2:

Criterio: Deseño, robustez e facilidade operativa dos bancos de ferramentas (máximo 15 puntos).

Valorarase a ergonomía da tapa para evitar a entrada de auga no seu interior, a facilidade de manexo polas persoas usuarias e as características específicas de deseño dos bancos para ferramentas en canto a robustez, forma e características de todos os seus elementos; tamén se valorará o aspecto estético.

A puntuación outorgarase en base ao seguinte:



-Ergonomía da tapa. Valorarase que a forma da tapa sexa tal que pechada non permita a entrada da auga da choiva no seu interior, ou calquera outro líquido, nin a acumulación de auga sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrentar ata o interior pola acción da súa apertura; ademais, terase en conta a facilidade de manexo polas persoas usuarias (ata 6 puntos)

-Robustez dos bancos. Valorarase a firmeza e resistencia mecánica dos bancos (ata 5 puntos).

-O aspecto estético. Valorarase a súa integración estética e visual cos CCC (ata 4 puntos).

Quinto. Basease a determinación da desproporcionalidade exclusivamente no criterio do prezo, xa que os demais criterios non se consideran transcendentales para estes efectos.

Sexto. A solvencia requirida ás empresas de nova creación poderíase vincular a que a mostra presentada cumpra cos requisitos técnicos contemplados no PPT.

Sétimo. A devolución das mostras producirase unha vez transcorrido o prazo para a interposición de recursos ou, interpostos, unha vez deveñan en firmes as resolucións.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Gabriel Rodríguez Alonso.

CONTRATACIÓN

